

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, a 13 de marzo de 2019.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.

R. 0849

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A COBERTURA DAS EVENTUAIS VACANTES OU AUSENCIAS QUE SE POIDAN DAR NOS POSTOS DE TRABALLADOR/A SOCIAL MUNICIPAL E CORDINADOR/A DE DITO SERVIZO

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de marzo do 2019 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos conforme ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días hábiles dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

En Monforte de Lemos, 22 de marzo de 2019.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 0850

Anuncio

CONVOCATORIA A PARA A SELECCION DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL MUNICIPAL.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de marzo do 2019 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos conforme ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días hábiles dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

En Monforte de Lemos, 22 de marzo de 2019.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 0851

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE SEIS AUXILIARES DE POLICIA LOCAL

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de marzo de 2019 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.